



*RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2017 pola que se procede á publicación dos beneficiarios e importes das axudas concedidas ao abeiro da orde do 28 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

En cumprimento do disposto no artigo 15 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e do artigo 4 da Orde do 28 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, procédese á publicación dos adxudicatarios.

O obxecto da convocatoria son as axudas destinadas á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos.

A finalidade da axuda son as actividades que teñan por obxecto a descrición de fondos documentais dos arquivos galegos segundo a metodoloxía arquivística.

Os beneficiarios son os concellos e entidades sen fin de lucro de Galicia, que figuran no anexo desta resolución.

Norma reguladora: Orde do 28 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG núm. 71 do 11 de abril de 2017).

Crédito orzamentario: setenta e sete mil setecentos corenta euros (77.740€) con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 nas seguintes aplicacións orzamentarias: 10.20.432A.760.0 e 10.20.432A.781.0.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende a súa notificación, de acordo co disposto no artigo no artigo 124 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017



Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I

RELACIÓN DE ADXUDICATARIOS E IMPORTE DAS AXUDAS

<b>CONCELLOS</b>			
<i>Expediente</i>	<i>Solicitante</i>	<i>Contía do proxecto</i>	<i>Contía da axuda</i>
2017/27	Mugardos	10.000,00€	5.000,00€
2017/37	Viana do Bolo	6.605,00€	5.000,00€
2017/28	Mondoñedo	6.463,32€	5.000,00€
2017/39	Lousame	17.826,00€	5.000,00€
2017/21	Pontedeume	6.250,00€	5.000,00€
2017/34	Xermade	3.632,42€	2.905,94€
2017/20	Bergondo	6.000,00€	4.200,00€
2017/24	Cee	6.130,00€	4.291,00€
2017/14	Mesía	6.614,04€	5.000,00€
2017/8	Cervo	6.588,33€	5.000,00€
2017/15	Vimianzo	8.274,38€	4.964,63€
2017/4	Porto do Son	8.000,00€	5.000,00€
<b>ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO</b>			
<i>Expediente</i>	<i>Solicitante</i>	<i>Contía do proxecto</i>	<i>Contía da axuda</i>
2017/5	Fundación EXPONAV	11.619,00€	5.000,00€
2017/4	Fundación Uxío Novoneyra	6.756,75€	4.999,00€
2017/6	Fundación Isla Couto	7.000,00€	4.000,00€
2017/3	Fundación Bautista Álvarez	7971,88€	5.000,00€